

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA O SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN ATA O PARLAMENTO DE GALICIA

- As dezaioito campañas de ADOS desenvolvidas na cámara lexislativa galega acadaron 464 doazóns de sangue

Santiago de Compostela, martes 25 de maio de 2021.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices Vieira, e a directora da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), Marisa López García, saudaron aos doadores e doadoras que esta mañá acudiron ata a unidade móbil da Axencia, que se desprazou ata a cámara lexislativa galega.

ADOS lembra que todos os días precísanse entre 400 e 500 doazóns de sangue para que os hospitais galegos podan levar a cabo axeitadamente o seu labor asistencial, unha necesidade constante e que non diminúe a pesares das dificultades engadidas desde o inicio da crise sanitaria pola pandemia da COVID-19.

Unha unidade móbil de doazón de sangue visita polo menos dúas veces ao ano o Parlamento de Galicia, dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue que efectúa a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue en empresas e organismos públicos. Ademais, dende o ano 2001, as unidades móbiles de ADOS visitaron en dezaioito ocasións o Parlamento de Galicia, acadando un total de 464 doazóns de sangue, no transcurso destas visitas.

Agradecemento

Tanto a directora de ADOS coma o presidente do Parlamento tiveron verbas de agradecemento para os cidadáns que doan sangue habitualmente pero, en especial nesta oportunidade, a todos os deputados e deputadas e aos profesionais que desenvolven o seu traballo na cámara lexislativa galega e que teñen e continúan colaborando a pesar das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia sanitaria pola COVID-19.

Neste sentido, lembrar que na última campaña de doazón desenvolvida no Parlamento de Galicia, no pasado mes de novembro en pleno estado de alarma, doaron sangue 33 persoas, a segunda campaña con máis participación de todas as desenvolvidas na cámara lexislativa galega.

ADOS desexa agradecer ao Parlamento de Galicia a súa contribución á consecución dun axeitado número de doazóns de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os cidadáns galegos que, nalgún momento das súas vidas, teñen doado sangue para posibilitar o desenvolvemento do intenso labor asistencial dos nosos hospitais.

SAÚDOS,

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE